

Os Maíos

Para a **celebración dos Maíos** invítovos a que fagades un pequeno maio nas vosas casas e/ou pintedes este debuxo u, outro que fagades, se vos apetece. Logo podedes enviarme fotos dos vosos traballos para compartilos có resto do cole.

Para facer un maio é preciso que utilicedes só materiais que se atopen na natureza; non se pode utilizar ferro, pegamento, fixo u outros materiais non presentes na natureza; si madeira, herbas, ramas, flores,... Podedes empregar unha cestiña de mimbre ou unha caixa de madeira como base e logo a adornades con flores, herbas, follas,...

Como podedes ver neste **vídeo**, a festa dos Maíos leva moitos anos con nós:

<https://www.youtube.com/watch?v=UCZCm1q4Kwc>

Cando eu era pequena, os nenos e as nenas íamos polas casas dos veciños cós nosos maíos cantando esta **canción**:

O maioño maio
é moi pillabán,
queren que lle metan
os cartos na mans.

Pra facer o maio
tivemos que roubar
flores e fiunchos
na horta de San Xoán.

Veu San Xoán
ca súa escopeta,
tirounos un tiro
e furounos a chaqueta.

Déannos señores
se nos queren dar
que vimos de lonxe
e queremos marchar.

Ao rematar a canción os veciños sempre nos botaban no maio algunha moeda que logo repartíamos e empregábamos para comprar doces ou caramelos.

